

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN PRESENTA COMO “NOVIDADE E MEDIDA EXTRAORDINARIA” A MODALIDADE SEMIPRESENCIAL NO ENSINO NON OBRIGATORIO

No día de onte celebrouse do Consello Escolar de Galicia coa presenza do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que xunto con Conselleiro de Sanidade viñeron a expoñerlle (xusto o día antes do inicio de curso dalgunhas ensinanzas) o estado no que se atopa a adaptación do PROTOCOLO para volver as aulas en período post COVID19.

Despois da análise feita polo Conselleiro temos que recoñecer que coincidimos en dúas cuestións:

1. Recoñecer a extraordinaria labor que desenrolaron os equipos directivos e moito profesorado, que no mes de agosto, foron adaptando espazos, adquirindo material e organizándose para comezar o curso do xeito máis seguro posible. Mes, por certo, que non foi aproveitado polos responsables políticos do ensino e que non empezaron a consensuar as medidas e protocolos a levar a cabo ata o 27 de agosto. **Moito tempo se perdeu.**
2. A novidade estrela da reunión do Consello Escolar que a modalidade semipresencial no ensino non obrigatorio. Tamén coincidimos coa consellería nesta solución **anunciada** xa publicamente por **FeSP-UGT** o pasado **27 de agosto** no informa onde demandabamos de novo *a apertura dunha mesa urxente de negociación, entre o goberno autonómico e as ooss, para garantir un inicio de curso escolar seguro,* e dentro das medidas que propuxemos figuraba para secundaria a seguinte: *Redución de rateos a 15 alumnos. A partir de 3º de ESO, se fose preciso, favoreceríase unha actividade semipresencial por semanas alternas coa metade do grupo na aula e o traballo por proxectos. Novo tempo perdido.*

FeSP-UGT segue a demandar que se proceda adecuar a rateo á distancia de seguridade de 1.5 metros, con clases de 15 alumnos e con contratación de novo profesorado. **Os 95 millóns de euros teñen que adicarse á contratación de profesorado.**

Co ensino semipresencial, xunto coa instalación de mamparas de separación (outra das “novidades”) en moitas tipoloxías de ensinanzas (talleres de FP por exemplo) non quedan arranxados os problemas actuais do sistema educativo. Si pode dar solución ó problema de adaptación de espazo, tanto en **centros públicos** como en **Centros privados sostidos con Fondos Públicos**. Pero hai máis cuestións que deben abordarse

inmediatamente para corrixir o antes posible o despropósito de medidas e anuncios que día a día están a aparecer como solución ideal.

Hoxe comeza o curso escolar nalgúns cursos do ensino, nun contexto de convocatoria de **NO ENSINO PÚBLICO E NOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS (CONCERTADA)**. A FeSP-UGT decidiu non convocar ós traballadores á FOLGA porque entre outras razóns, xa sabemos (e cremos que a Consellería de Educación tamén o sabe), que o 95% do profesorado (o 5% queda como marxe de erro) non está de acordo coas medidas improvisadas que a contagotas está a tomar o goberno da Xunta ante a volta á ESCOLA.

Demandamos que coa máxima urxencia o Conselleiro de Educación nos convoque para negociar e concretar todos os aspectos da posta en marcha do curso escolar.

FeSP-UGT denunciará ante a autoridade laboral e ante a propia administración educativa o incumprimento do PROTOCOLO ELABORADO POLA PROPIA ADMINISTRACIÓN.

Recoñecer e respectar ós docentes tamén é propoñer, discutir e acordar cos seus representantes (sindicatos) todo aquilo que afecta ás condicións onde levan a cabo a súa actividade.

Sr. Conselleiro non deixe pasar máis o tempo.

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2020